

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 27 DE XUÑO

1. ASISTENCIA AO PLENO.

Ratificación da urxencia da convocatoria |
Ratifícase a urxencia.

2. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00028477F

Aprobación de persoal eventual |

Acórdase aprobar o número, retribucións e características do persoal eventual que se relaciona a seguir:

1. unha persoa asesora, en réxime de xornada completa. Equiparada a efectos retributivos cos funcionarios municipais do subgrupo C1 e nivel 20, cun custo anual de 33.730,00 euros.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00011424C.

Aprobación do prego de prescricións técnicas para a contratación do Servizo de implantación e posta en funcionamento do sistema de sinalética intelixente do patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela |

Acórdase:

Primeiro: aprobar como definitivo o prego de prescricións técnicas asinado o día 26/06/2023 da contratación do Servizo de implantación e posta en funcionamento do sistema de sinalética intelixente do patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 597.539,49 € (base imponible por importe de 493.834,29 € e IVE do 21% por valor de 103.705,20 €).

Segundo: establecer que o prazo de presentación de ofertas empece a computar desde a publicación do dito documento na Plataforma Contratos do Sector Público.